



GALICIA
SPORTS
360

FACTORÍA
DO DEPORTE
GALEGO



GS360

FACTORÍA DO DEPORTE GALEGO



Galicia Sports 360, Factoría do Deporte Galego é un compendio de empresa, deporte e sentimento. Un proxecto que supón a maior obra privada en investimento, 70 millóns de euros aproximadamente, e creación de postos de traballo, máis de 250, no sur de Galicia.

Unha iniciativa que abarca diferentes liñas: laboratorios de investigación, cultura, lecer, turismo deportivo, medicina deportiva, instalacións para a práctica de todos os deportes, etc. Pero sobre todo unha liña mestra da que nos sentimos máis orgullosos. A axuda a todo o deporte galego para capitalizar o enorme traballo que fan as federacións e clubs deportivos de forma individual.

Ábrese ante nós unha infinidade de posibilidades. Só mencionarei algúns exemplos de colaboración.

Todas as federacións deportivas terán acceso ás instalacións para probas específicas de deportistas de alto rendemento, por medios de programas e cursos.

Axudaremos a mellorar todos os clubs federados de calquera deporte traballando conxuntamente a súa tecnificación, dixitalización e administración co obxectivo de progresar e superar novos retos.

Activaremos unha economía de escala para manexar grandes volumes e acceder a contratos de subministracións para mellorar a economía dos clubs.

Isto iniciámolo en Vigo, para Galicia e para o mundo.

Neste proxecto a Afouteza estará sempre presente.

Carlos Mouriño Atanes
Presidente do RC Celta

FACTORÍA DO DEPORTE GALEGO

- 1 Innovación e Formación
- 2 Turismo Deportivo e Restauración
- 3 Investigación e Saúde Deportiva
- 4 Ocio e Multideporte
- 5 Fútbol e Canteira

1 GS360 É INNOVACIÓN E FORMACIÓN

GS360 crea o HUB do Deporte Galego buscando facer crecer ao noso deporte, dotalo de innovación e introduci-lo de cheo na transformación tecnolóxica e dixital na que a sociedade está inmersa.

Universidade do Deporte

- Convenios con universidades galegas. Programas e titulacións. Epicentro do ecosistema de formación no mundo do deporte con laboratorios de investigación universitaria.
- Programas propios Fundación Celta de Vigo + Universidade de Vigo.
- Programa CeltaLab Education lanzado por CeltaLab con formación técnica en liña.
- Colaboración con The Valley, ecosistema dixital que une a escola de negocios, The Valley Digital Business School, o headhunter, The Valley Talent, e o seu coworking.
- Convenio de colaboración en diferentes programas coa Universidade Alfonso X, unha das universidades punteiras en formación sanitaria.



1 GS360 É INNOVACIÓN E FORMACIÓN

Ciclo Superior de Formación Profesional

- Ciclos superiores de Formación Profesional nas disciplinas:
 - Actividades físicas e deportivas.
 - Comercio e marketing.
 - Imaxe e son.
 - Informática e comunicacións.
 - Sanidade.
- O obxectivo é crear canteira e facilitar aos mozos en diferentes vías complementarias:
 - Profesionais que rematen a súa formación en universidades.
 - Acceso profesional no sector deportivo con prácticas no ecosistema xerado en GS360.
 - Guía e fomento do emprendemento a través da incubadora e aceleradora de GS360.



1 GS360 É INNOVACIÓN E FORMACIÓN

HUB de Innovación no Deporte GS360

- Primeiro Centro Tecnolóxico de Innovación no Deporte. Rodeados dos principais CT de Galicia, apoiados nese ecosistema creado e nas súas sinerxias a Industria do Deporte contará co devandito centro xestionado a través do HUB GS360.
- Centro demostrador de Tecnoloxía. Espazo para presentación e demostración de novas tecnoloxías (analíticas, realidade aumentada, realidade virtual, intelixencia artificial, blockchain, computer vision, etc). Achega a outros CT. Solucións de start-ups, federacións, clubs e grandes corporacións. Centro de Eventos. Coworking.
- Plataforma Dixital de contidos OTT para o deporte galego.
- Incubadora para lanzamento de novos proxectos. Venture builder.
- Creación de Club de Investidores e Fondo de Investimento.
- Colaboración para o fomento das relacións transfronteirizas con Portugal, comezando con SC Braga e Sporting Lisboa (en todas as súas seccións deportivas) e proxectos de investigación tecnolóxica no HUB GS360.
- Conexión con hubs de innovación internacionais: Le Tremplin París, Sportech HUB London, Colosseum Sports Tel Aviv, Zsports Perú, Arena Hub Brasil, Sportheca Brasil e Barcelona Sportech HUB23.
- Conexión con aceleradoras Conector Accelerator, Lanzadeira, Seedrocket, SturtLab e con Fondos de Investimento Xarxa-Crowd sport, YNN Ventures, Wayra.
- Village: un espazo para a comercialización de produtos innovadores no deporte. Inclúe o Bar Sportech, un lugar para o consumo de deporte televisado, de alimentación e tamén para realizar probas de diferentes solucións innovadoras no campo do lecer deportivo.




2 GS360 É TURISMO DEPORTIVO E RESTAURACIÓN

GS360 busca converter a Galicia nun referente neste subsector como complemento ao turismo das Rías Baixas ou ao do Xacobeo. Será un escaparate internacional para diferentes stages e sede de eventos deportivos de carácter nacional ou internacional que poñan a Galicia como referente mundial do turismo deportivo.

Turismo Deportivo

- Localización única en Galicia cun clima extraordinario para práctica do deporte. Situado nun enclave perfecto para dar servizo de lecer en xeral e deportivo en particular no noroeste de España e Portugal.
- Contorna natural única cunha oferta de lecer deportivo para toda a familia.
- Stages de pretempada de diferentes clubs deportivos con instalacións punteiras, innovadoras e solucións médicas.
- Centro de alto rendemento deportivo dirixido ao fútbol mundial.




3 GS360 É INVESTIGACIÓN E SAÚDE DEPORTIVA

GS360 é saúde e co seu Centro de Alto Rendemento pretende colocar o turismo de saúde-deportivo nun lugar de referencia a nivel mundial. As guías principais para este sector son a investigación e traballo na saúde preventiva e na mellora de calidade de vida.

Centro de Alto Rendemento Médico

- 2.000 m² dedicados á medicina deportiva que completan o proxecto iniciado fai tres anos pola Clínica RC Celta.
- Con foco principal na prevención de lesións con dous dos principais players tecnolóxicos e sanitarios de Europa.
- Xeración de ecosistema de investigación médica deportiva. Innovación e investigación na saúde deportiva profesional e amateur. Centro de rehabilitación de lesións.
- Formación sanitaria vinculada ás universidades galegas, Universidade Alfonso X e programas propios.
- Centro de alto rendemento médico para Galicia. Programa de Turismo de Saúde. Plans de nutrición e soño como parte do coñecido como adestramento invisible.
- Clínica para os stages e concentracións deportivas que se realicen en GS360.



4 GS360 É OCIO E MULTIDEPORTE

O deporte é cada vez máis entendido como unha industria dentro dunha maior a do ocio. E é nesa industria na que debemos ser competitivos, crecer e achegar ao deporte galego a nosa experiencia e instalacións.

Arena Multiusos

- Edificio multiusos con 30.000 m² de lecer deportivo, con capacidade de 8.000 - 10.000 persoas. Cun diseño e máxima tecnificación que permitirá desenvolver grandes eventos deportivos e culturais. Ideal para a celebración de campionatos de España e internacionais.

multiusos

- Baloncesto
- Tenis
- Balonmán
- Hockey
- Fútbol Sala
- Fútbol
- eSports
- Eventos
- Conferencias
- Outras actividades



5 GS360 É FÚTBOL E CANTEIRA

Un interese xeral pola formación dos máis novos. Un compromiso concreto en achegar á sociedade modelos de éxito como Denominación de Orixe RC Celta.

Cidade Deportiva Afouteza | Fútbol

- Fútbol profesional, 1 campo dobre para primeiro equipo e 1 campo para filial Celta B.
- 4.500 m² de instalacións punteiras para fútbol profesional.
- 6 campos para categorías inferiores, vestiarios, oficinas do club, ximnasios, restaurantes e outras actividades.
- Zona de tecnificación de fútbol con areneros, fútbol a 3, futvoley e outras áreas.
- Nas categorías inferiores, incluído Celta Integra, xogan 230 mozos e mozas. 45 clubs convidados. Desde a tempada 2014/15 pasaron polas escolas en Galicia 10.506 mozos e mozas. Desde 2011 participaron 12.733 mozos nos nosos campus en Galicia e desde 2017 participaron en campus 2.060 mozos e mozas de fóra de España.
- Desde 2011, creáronse 32 sedes de campus por toda Galicia, que tendo en conta todos os anos nos que se repetiu cada sede son 94 campus Galicia e 22 fóra de España.
- En 2013 comezaron as Escolas Internacionais en Campeche (México) e desde 2016 se conta con 15 academias con 1.886 nenos e nenas no mesmo emprazamento.
- Intercambios con China, Corea, Xapón, México, Catar, Brasil, EE.UU, Omán, Armenia, Grecia, Colombia, Albania, Emiratos Árabes ou Singapur. Máis de 90 mozos de intercambio e máis de 40.000 fórmanse baixo D.O. Celta desde 2014.



5 GS360 É FÚTBOL E CANTEIRA

Residencia

- Ata 6.500m² en dúas fases cunha ocupación máxima na súa fase final de 300 residentes.
- O seu obxectivo será dar servizo a:
 - Canteira RC Celta.
 - Escolas deportivas, clubs e federacións da provincia.
 - Programas de alto rendemento no deporte.
 - Deportistas bolseiros.
 - Programas internacionais do deporte.
 - Programas universitarios.
 - Programas de ciclo superior de Formación Profesional.
- Posible desenvolvemento futuro dunha infraestrutura hotelera, que complemente a oferta de ocio e deporte proposta no proxecto.



1 Innovación e Formación



Este proxecto permitirá atraer as iniciativas máis innovadoras en deporte, captar investimento e talento.

Referente en formación deportiva, baseado na existencia dunha recoñecida marca como é Denominación de Orixe. Posta en valor dos demais deportes por medio da formación tanto dixital como presencial.

2 Turismo Deportivo e Restauración



Este proxecto situarase nunha contorna cunhas instalacións que ofrecerán ofertas turísticas para diferentes áreas:

- Stages de deporte nas propias instalacións.
- Campus de alto rendemento.
- Opcións de desenvolver eventos deportivos que non tiveron espazo adecuado ata o de agora neste territorio.

3 Investigación e Saúde Deportiva




Este proxecto dotará dunha maior especialización en saúde deportiva da contorna, ofrecendo un centro especializado coa mellor tecnoloxía e os mellores partners médicos para o seu desenvolvemento.

4 Ocio e Multideporte



Este proxecto capacitará ao noroeste peninsular para desenvolver espectáculos deportivos e de lecer de primeiro nivel: finais de moitas competicións deportivas, concertos, espectáculos, todo coas maiores comodidades e a última tecnoloxía.

5 Fútbol e Canteira



Este proxecto permitirá seguir contando coa canteira que máis produce en España e das mellores do mundo. E deste feito, seguir construíndo un futuro como referencia mundial no sector deportivo.

GS360

FACTORÍA DO DEPORTE GALEGO



GALICIA
SPORTS
360

FACTORÍA
DO DEPORTE
GALEGO



GS360

FACTORÍA DO DEPORTE GALEGO